

Bieito Iglesias, escritor: "Cando escribes relatos tes máis liberdade para xogar cos recursos literarios que nunha novela"

O catedrático de Lingua e Literatura Galega e escritor Bieito Iglesias (Ourense, 1957) vén de publicar *O nariz de Cirano e outros nobelos* (Aira Editorial), un conxunto de relatos nos que conviven o humor e a nostalxia.

María Amigo 26 de febreiro de 2026

<https://www.nosdiario.gal/articulo/cultura/bieito-iglesias-escriptor/20260226215549248649.html>

—Que posibilidades expresivas lle ofrecen os relatos a respecto doutros xéneros?

O relato ten a vantaxe de que permite certa variedade, porque nunha novela ten que haber un fío condutor. Nos relatos, eu polo menos, atopo máis liberdade para xogar co que son os recursos literarios, os cambios de tempo, o ritmo... Ofrecen unha maior liberdade creativa a respecto doutros xéneros que exixen unha maior disciplina.

—Como axuda o humor nesta obra a tratar temas que poden resultar máis sensíbeis ou delicados?

Hai varios tipos de humor. Hai veces nas que o humor é amábel e empático, e nese caso é unha especie de velo que vale para atenuar situacións ou conflitos que resultarían demasiado duros. Outras veces o humor é unha arma, unha sátira, serve para agudizar a crítica. Neste libro hai un pouco de todo: hai relatos que son satíricos, que son críticas máis ou menos exaxeradas de certas situacións, e noutros casos, en cambio, o humor funciona como unha especie de analxésico.

—O paso do tempo é un elemento presente en todo o conxunto da obra. Como influíu neste traballo a súa grande experiencia?

Os anos o que fan é engadir capas de experiencia. De todas formas, os narradores, teñan a idade que teñan, tiran da memoria. Hai outras artes nas que non a necesitas, pero a arte novelesca e narrativa inevitabelmente remite á memoria. A narrativa tende a requirir de máis idade por esta condición. Os meus relatos son todos contemporáneos, da segunda metade do século XX até hoxe, agás un que sucede no século XIX. Nese caso é a memoria prestada, xa non é a persoal. Pero efectivamente eu teño un marco temporal que vai desde os anos 50 até hoxe.

—O libro está cheo de referencias literarias. Quen diría que son os seus principais referentes?

Son moitos, entón depende un pouco das circunstancias. Neste libro aparece moito Walter Benjamin; hai unha parte concreta do libro na que o relato parte de tres edificios concretos e alí venme moi ben o concepto da aura de Benjamin. El fala sobre todo das galerías e das pasaxes culturais do século XIX que conservan unha aura que permite reconstruír a historia dese século. Neste caso esa estratexia a min valeume para reconstruír momentos dos anos 60 ou de finais dos 50.

Neste caso é Walter Benjamin, pero por exemplo, cando recreo o mundo dos pobres ou dos marxidados venme á cabeza Pasolini.... Tampouco teño na cabeza un santoral de escritores fixos, o que sucede é que, dependendo da obra que teñas, necesitas dun maxisterio ou doutro.

—Que relación garda este libro coa actualidade e que pegada lle gustaría deixar con el?

Eu normalmente non me relaciono coa axenda mediática, e neste libro menos. É certo que toco temas que poden ser actuais. Hai un relato, por exemplo, ambientado na pandemia. Non é que fuxa da actualidade, pero a literatura, a diferenza do xornalismo por exemplo, ten que ocuparse doutros aspectos. A narrativa ten que falar tamén de conflitos sociais e históricos, pero sempre desde o punto de vista individual, porque isto é a base da arte novelesca.